

Nome _____ Data _____

Lembra

Os **adverbios** son palabras invariables que expresan circunstancias de lugar, tempo, modo e cantidade, ou ben afirmación, negación ou dúbida.

Os adverbios poden funcionar como **complemento** dun verbo, dun adxectivo ou doutro adverbio.

1. Identifica os adverbios que atopas no texto seguinte e clasifícaos segundo a circunstancia que expresan.

Ao Xurés

Mañá marchoo de viaxe á serra do Xurés. Aínda que non está demasiado lonxe, nunca fun a esta zona. Sempre ocorre que aquilo que temos máis preto é o que coñecemos peor. Como a viaxe dura pouco, nuns días volverei escribir neste blog e contareivos como o pasei (espero que moi ben!). Se vós estiveses alí algunha vez, deixádeme un comentario e compartide así as vosas impresións comigo.

lugar	tempo	modo	cantidade

2. Relaciona cunha frecha cada adverbio coa palabra que complementan, coma no exemplo.

- Xosé vive demasiado ben: non dá golpe!
- Non te sentes así que te vas magoar no lombo.
- Cada día gústame menos esta serie de debuxos animados.
- O avión de Londres non chegou aínda; anunciaron que o fará máis tarde da hora prevista.

3. Escribe adverbios que signifiquen o contrario dos seguintes.

- | | |
|------------------|------------------|
| • arriba ► _____ | • mellor ► _____ |
| • preto ► _____ | • non ► _____ |
| • dentro ► _____ | • tarde ► _____ |
| • ben ► _____ | • menos ► _____ |